ACTA DA XUNTA ELECTORAL

ACTA DE PROCLAMACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATURAS Á PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTE AUTÓCTONO

Data: 5 de Outubro de 2026

Hora: 19:00 horas

Modalidade: Reunión telemática

ASISTENTES:

1. D. Santiago Lage Tallón
2. D. Diego Candal Varela
3. D. Alfonso Carril García

Na data e hora indicadas reúnese de forma telemática a Xunta Electoral da Federación Galega de Deporte Autóctono. Actua coma secretario Alfonso Carril García, o cal levanta acta da reunión.

EXPÓN:

Primeiro. Que, de conformidade co calendario electoral aprobado e co disposto no Regulamento Electoral da Federación Galega de Deporte Autóctono, finalizou o prazo de presentación de candidaturas á Presidencia da Federación Galega de Deporte Autóctono.

Segundo. Que, dentro do prazo regulamentariamente establecido, foi presentada a seguinte candidatura:

- D. Antonio Varela Castiñeiras, con *DNI XX3250XXX*.

Terceiro. Que a Xunta Electoral procedeu á comprobación da documentación presentada pola persoa candidata, verificando o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento Electoral e na normativa vixente para concorrer á Presidencia da Federación Galega de Deporte Autóctono**.**

Cuarto. Que consta a presentación da documentación acreditativa requirida.

ACORDA:

PRIMEIRO. Proclamar provisionalmente a seguinte candidatura á Presidencia da Federación Galega de Deporte Autóctono:

- D. Antonio Varela Castiñeiras, con *DNI XX3250XXX*

SEGUNDO. Publicar a presente proclamación provisional nos medios oficiais da Federación Galega de Deporte Autóctono e notificala ás persoas interesadas.

TERCEIRO. Abrir o correspondente prazo para a presentación de reclamacións e recursos ante a Xunta Electoral a través do correo electrónico federacion@fgchave.org.

CUARTO. Facer constar que, de non presentarse reclamacións dentro do prazo regulamentariamente establecido, a candidatura anteriormente indicada será proclamada definitivamente pola Xunta Electoral.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, do que como Secretario dou fe.

En A Coruña, a 5 de outubro de 2026

Asdo:

Santiago Lage Tallón	Diego Candal Varela	Alfonso Carril García
		
(Presidente da Xunta Electoral)	(Vogal da Xunta Electoral)	(Secretario da Xunta Electoral)